

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A PARA A INSTALACIÓN DUN CAIXEIRO AUTOMÁTICO NAS INSTALACIÓNS DE CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario do Padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 13 de xullo de 2018 con ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. a o instrumento convencional arriba referido por unha duración inicial de UN (1) ANO, con posibilidades de prórroga por períodos dun (1) ANO, ata alcanzar unha duración máxima total de CINCO (5) ANOS.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Cesión dun espazo na Cidade da Cultura de Galicia para a instalación dun caixeiro automático.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A FUNDACIÓN constituída como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen animo de lucro, con patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da institución, ostenta a titularidade da "Cidade da Cultura de Galicia"(CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas,

viais, áreas de lecer e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste sentido a Fundación Cidade da Cultura é propietaria dunha espazo, sito na entrada do edificio máis meridional (chamado Centro de EMprendemento cultural e creativo de Galicia –CEM-) axeitado para ofrecer servizos ao público á chegada á CdC.

Na actualidade traballan na Cidade da Cultura de Galicia ao redor de 550 persoas e a previsión é de crecemento progresivo pola posible apertura de novos espazos. A estes se suma o persoal das distintas contratas de servizos que actualmente prestan servizos de limpeza, mantemento e vixilancia na Cidade da Cultura de Galicia, así como un alto número de usuarios que visitan a diario á Cidade da Cultura de Galicia, incrementado dende a apertura ao público dos novos espazos naturais (Xardín Literario e Parque do Lago), o que fai necesario a ubicación dun caixeiro automático para dar servizo a todo este conxunto de persoas.

Doutra banda, ABANCA é unha das principais institucións financeiras do mercado español. Con oficinas en sete países máis (Francia, México, Panamá, Portugal, Reino Unido, Suíza e Venezuela), aposta por un modelo de servizo que concilia o mellor da banca tradicional cos atributos dun banco de última xeración que aposta pola calidade, a confiabilidade, a responsabilidade e a innovación como os seus valores primordiais.

ABANCA está interesada en instalar en Cidade da Cultura un caixeiro automático para prestar este servizo aos usuarios e ao público en xeral.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo

e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jesús Oitavén Barcala

Secretario do Padroado

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

(asinado dixitalmente)